



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA AS PROBAS DO CELGA 1

Código do Procedemento: ED114A

De acordo co previsto na resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística do 11 de xullo de 2016, pola que se convocan as probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega nivel 1, e logo de revisar as solicitudes presentadas,

RESOLVO:

- Aprobar as listaxes provisionais de admitidos/as e excluídos/as.
- Ordenar a publicación na web www.lingua.gal.

Os aspirantes excluídos poderán emendar os erros no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución de acordo co artigo 71.1. da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 12, do 14 de xaneiro de 1999, corrección de erros BOE núm. 16, do 19 de xaneiro e BOE núm. 30, do 4 de febreiro).

Se non se produce a corrección neste prazo, entenderase que desistiu da súa petición, polo que se arquivará sen máis trámites.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notificaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 59.6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa mencionada anteriormente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2016

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez